

O proxecto ‘ConArte no Camiño’ achega á comunidade universitaria das Belas Artes á ruta de peregrinación

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021 – O proxecto ‘ConArte no Camiño. Belas Artes para a transmisión dos valores universais do Camiño’ iniciou onte a súa andadura en Santiago de Compostela co acto de benvida aos participantes na iniciativa. As actividades do proxecto, promovido polo Grupo Compostela de Universidades (GCU) e que forma parte do programa O Teu Xacobeo da Xunta de Galicia, desenvolveranse do 23 ao 30 de setembro na capital galega, Ferrol, Neda e Pontedeume.

Neste acto de benvida, o grupo de universitarios foi acollido pola secretaria executiva do GCU, Teresa Carballeira Rivera, e o membro do comité executivo do GCU, Manuel Freire-Garabal. Na súa intervención, Teresa Carballeira explicou que a decisión de localizar as principais actividades en Ferrol débese a que da cidade “parte o Camiño inglés” e a “súa aposta pola rexeneración da zona de Canido a través da arte”. Hoxe a media mañá o grupo será recibido polo alcalde de Ferrol, Ángel Mato, e despois terán ocasión de coñecer a localidade.

Os 13 estudantes e doutorandos participantes cursan formacións de ramas do coñecemento relacionadas coa creación artística nas universidades de Sevilla (España), Politécnica de Madrid (España), Vigo (España), Nacional de San Marcos (Perú) e Zaragoza (España). Concretamente, belas artes, deseño gráfico, pintura, debuxo, gravado e arquitectura.

A todos eles o GCU concedeulles unha bolsa que cubre os gastos de aloxamento, a manutención, os traslados locais, o material para as súas creacións artísticas e un seguro de responsabilidade civil.

En canto ao programa de actividades de ‘ConArte no Camiño’, este foi deseñado para que o grupo de universitarios viva experiencias únicas e amplíe os seus coñecementos sobre o patrimonio material e inmaterial da ruta de peregrinación. Así, durante a súa estada en Ferrol asistirán a charlas académicas, tomarán parte en actividades de dinamización cultural e percorreren tramos do Camiño de Santiago. Ademais de traballar en grupo na creación de proxectos artísticos, coordinados polo pintor Eduardo Hermida. Estas obras serán presentadas o próximo mércores 29 de setembro na cidade.

O programa concluirá o xoves 30 de setembro en Santiago de Compostela cun seminario no que se expoñerán as principais conclusións extraídas da súa participación na iniciativa.

O Grupo Compostela de Universidades

O Grupo Compostela de Universidades é unha asociación internacional sen ánimo de lucro, recoñecida en 2020 como entidade de utilidade pública, que traballa en favor da colaboración e promove o diálogo en todos os ámbitos da Educación Superior. O GCU comezou a súa andaina no ano 1994 e desde a súa creación foi crescendo ata unir ao seu camiño a máis de 60 universidades de todo o mundo. Todos os membros da rede comparten os valores de cooperación e integración desenvolvidos en torno ao Camiño a Santiago.

Academia Compostela no Camiño do GCU

A Academia Compostela no Camiño naceu en 2018 co obxectivo de agrupar as iniciativas do Grupo Compostela de Universidades relacionadas con esta ruta de peregrinación. A decisión da creación deste programa responde á necesidade de aglutinar a gran variedade de actividades da rede universitaria centradas neste itinerario cultural e na difusión dos seus valores á comunidade universitaria e á sociedade.